

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 22.02.2018 Hora: 16:00

15 FEB. 2018

Núm.7599.....

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de febreiro de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

- 1.1 22258 (10/POC-003631)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia realizou ou vai realizar para solicitar do Goberno central o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria, reclamar unha investigación sobre as condicións sociosanitarias das persoas internas do cárcere de Monterroso e exixir unha mellora nas instalacións deste centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.2 22607 (10/POC-003712)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns da demora e a data prevista pola Xunta de Galicia para a execución das obras de ampliación do Centro de Saúde do Porriño comprometidas, as súas intencións en relación coa consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria para ese fin e a súa opinión respecto da situación de saturación existente no centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.3 23299 (10/POC-003832)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para mellorar a adaptación do sistema sanitario ás necesidades das persoas xordas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.4 23358 (10/POC-003875)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a fase en que se atopa o proxecto de construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de vinte e un anos na provincia de Ourense, a cesión polo Concello da parcela prevista para ese

15 FEB. 2018

Núm.7599.....

fin e as datas estimadas polo Goberno galego para a licitación e o remate da redacción do proxecto, así como a súa construción e entrada en funcionamento

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

- 1.5 23928 (10/POC-003979)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a cobertura de todos os profesionais sanitarios nas súas ausencias na Comarca das Mariñas, e, nomeadamente, no Servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Betanzos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.6 24944 (10/POC-004135)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a situación das listas de espera e a derivación de pacientes no Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/02/2018 10:42:07

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 22258(10/POC-003631)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia realizou ou vai realizar para solicitar do Goberno central o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria, reclamar unha investigación sobre as condicións sociosanitarias das persoas internas do cárcere de Monterroso e exixir unha mellora nas instalacións deste centro

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Vero e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

O pasado 24 de xuño de 2017, un interno do Centro Penitenciario de Lugo-Monterroso faleceu, presumiblemente, a causa de sobredose de drogas e, outra persoa, foi atopada polos funcionarios en estado de coma pola mesma causa.

Esta situación non é nova, xa que, dende o ano 2006, practicamente falece unha persoa ao ano por esta circunstancia.

Segundo datos do propio Ministerio do Interior, en Monterroso producíronse as seguintes mortes por sobredose de drogas, VIH e suicidios dende o ano 2006: 2006: 1 morte por drogas; 2007: unha morte por VIH; 2008: unha morte por drogas; 2009: 1 suicidio; 2010: 2 mortes por VIH; 2012; 2 mortes por drogas; 2013: 1 morte por VIH; 2014; 1 morte por drogas.

En 2006, unha carta dun preso de Monterroso á CNT denunciou a existencia de tráfico de drogas no penal: "Es importante remarcar el trapicheo de droga dentro del penal, desde las pastillas que dan en la enfermería y la metadona hasta el hachís, cocaína y heroína, lo cual provoca muchas peleas entre internos por deudas de la misma, ya que el consumidor en ocasiones no puede pagar."

Persoas que estiveron presas en Monterroso, trasladáronnos a En Marea que esta mesma circunstancia se produce actualmente.



O Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, na sesión plenaria do 5 de maio de 2015, a reclamación ao Estado das competencias de Sanidade penitenciaria, co seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1. Solicitar do Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei de cohesión do Sistema Nacional de Saúde 2003.*
- 2. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios económicos e materiais necesarios e atender a suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo.*
- 3. Incluír, de forma inmediata, a poboación reclusa no Plan estratéxico para a abordaxe da Hepatite C e que esas persoas sexan tratadas cos mesmos criterios e prontitude que o resto.*

A Sanidade Penitenciaria, no Estado español non está, actualmente, integrada nos sistemas de saúde das Comunidades Autónomas.

Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Dirixiuse a Xunta ao Goberno central para reclamar o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 13:03
Nº Rexistro: 2258
Data envío: 05/01/2018 13:03:46.868



2.- Vai a Xunta de Galicia esixir explicacións ao Ministerio do Interior pola existencia de tráfico de drogas no cárcere de Monterroso?

3.- Vai a Xunta reclamar unha investigación sobre as condicións sociosanitarias das persoas internas do cárcere de Monterroso?

4.- Vai a Xunta reclamar á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, dependente do Ministerio do Interior, que abra unha investigación polas mortes por sobredose de drogas no cárcere de Monterroso?

5.- Ten previsto a Xunta esixir a mellora das instalacións do cárcere de Monterroso? En que data vai tramitar esa solicitude? E canto orzamento cre que se debe dedicar á mesma?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 13:03
Nº Rexistro: 2258
Data envío: 05/01/2018 13:03:46.868



Paula Vázquez Veroa na data 05/01/2018 13:00:09

Luis Villares Naveira na data 05/01/2018 13:00:19

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 22607(10/POC-003712)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e a data prevista pola Xunta de Galicia para a execución das obras de ampliación do Centro de Saúde do Porriño comprometidas, as súas intencións en relación coa consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria para ese fin e a súa opinión respecto da situación de saturación existente no centro

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 11:47
Nº Rexistro: 22607
Data envío: 10/01/2018 11:47:10.983



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

No ano 2010, o Concello do Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, no que puxo a disposición da mesma unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados para ampliar o Centro de Saúde.

A ampliación do Centro de Saúde do Porriño é unha demanda que leva unha década sen ser atendida por parte da Xunta de Galicia, pese a tratarse dun Centro de Saúde que sigue incrementando o número de pacientes aos que ten que atender, chegando a ser máis de 40.000 usuarios potenciais os que poderían ter que acudir ao Centro, que ademais conta con Punto de Atención Continuada de tres da tarde a oito da mañá, horario no que tamén atende a concellos da contorna como poden ser Mos ou Salceda de Caselas.

Ademais da ampliación do Centro, as veciñas e veciños do concello de Porriño reivindicán tamén que de xeito simultáneo, se dote o mesmo dos medios técnicos e humanos suficientes para facer fronte á actual demanda.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- **Cando ten pensado a Xunta de Galicia realizar as obras comprometidas para a ampliación do Centro de Saúde do Porriño?**
- **Vai a incluír nos vindeiros orzamentos unha partida suficiente para poder levar a cabo as obras?**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 11:47
Nº Rexistro: 22607
Data envío: 10/01/2018 11:47:10.983



- Que explicación ten a Xunta de Galicia para non ter acometido xa ditas obras?
- Considera normal a situación de saturación que existe no Centro de Saúde do Porriño por falta da súa ampliación e dotación dos medios técnicos e humanos necesarios?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:06:53

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 23299(10/POC-003832)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para mellorar a adaptación do sistema sanitario ás necesidades das persoas xordas

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O colectivo de persoas xordas sofre unha serie de dificultades na súa adaptación á vida cotiá derivadas da súa xordeira, que son solventables dende a Administración pública no que se refire á igualdade de acceso aos servizos públicos.

No específico sobre o acceso ao sistema sanitario, as persoas xordas precisan, fundamentalmente, de axustar o servizo de intérpretes as súas necesidades, ademais de necesitar certa comprensión e adaptación por parte do sistema. Problemas como a atención ou consulta telefónica, incluso para cuestións aparentemente sinxelas como a marcaxe dunha cita a través dunha chamada, son escalóns de difícil salvación para este colectivo.

O acceso á atención sanitaria conleva a dificultade de ter que acudir a consulta con un intérprete. Esta situación conleva dificultades no momento en que os horarios se demoran, e os tempos que o intérprete ten marcados para o acompañamento da persoa doente terminan, tendo o intérprete que acudir a outra atención. A isto pódese engadir que non existe, por limitación económica, servizo de intérpretes para urxencias fóra do horario laboral e para fin de semana. Estas condicións dificultan a igualdade de acceso ao sistema. Cabe lembrar que a demanda dos servizos de intérprete para o eido sanitario cóbrease grazas ao convenio coa Consellería de Política Social, sendo allea a Consellería de Sanidade.

Por estas circunstancias, resulta necesario adaptar algúns funcionamentos do sistema sanitario para que o colectivo de persoas xordas teña garantida a igualdade de acceso e de trato, ao máximo nivel posible.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 16:50
Nº Rexistro: 23299
Data envío: 16/01/2018 16:50:08.981



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. É consciente o Goberno de Galicia das dificultades de acceso e atención no sistema sanitario que teñen as persoas xordas?
2. Como valora o Goberno de Galicia que a Consellería de Sanidade deba participar no cofinanciamento da rede de asistentes intérpretes en lingua de signos para persoas xordas que deben acudir ao sistema sanitario?
3. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar a dotación de recursos, humanos e materiais, para mellorar a calidade asistencial ás persoas xordas e garantir a súa igualdade de acceso ao sistema sanitario?
4. Como pensa resolver o Goberno de Galicia as dificultades de acceso ao sistema sanitario que se presenta para as persoas xordas a través do contacto telefónico?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2018 12:55:02

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2018 12:55:09

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 23358(10/POC-003875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a fase en que se atopa o proxecto de construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de vinte e un anos na provincia de Ourense, a cesión polo Concello da parcela prevista para ese fin e as datas estimadas polo Goberno galego para a licitación e o remate da redacción do proxecto, así como a súa construción e entrada en funcionamento

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos pais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita Plataforma cidadá.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíra nun solar de 4600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, situado no barrio de Barrocás.

Pasados máis de catro meses dende deste anuncio, e ante a falla de novas ao respecto, dende o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación polos graves prexuízos que o retraso desta obra podería causar ás familias que levan anos esperando a que o goberno galego cubra o déficit que supón para a provincia de Ourense o ser a única das catro galegas que non dispón dun centro destas características.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que fase se atopa a construción do centro situado en Ourense, para persoas con discapacidade maiores de 21 anos?
2. Cedeu o Concello de Ourense á Xunta de Galicia a parcela de titularidade municipal na que está previsto construír este centro?
3. En caso afirmativo, en que data se levou a cabo dita cesión?
4. En que data ten previsto a Xunta de Galicia sacar a concurso a redacción do proxecto desta infraestrutura ?
5. Cando ten previsto a Xunta de Galicia que finalice a redacción do proxecto?
6. En que data ten previsto o Goberno galego licitar a construción deste centro?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23358
Data envío: 16/01/2018 18:47:42.521



 Grupo Parlamentario

7. Cando estima o Goberno galego que poderá estar en funcionamento esta infraestrutura?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2018 18:44:19

Raúl Fernández Fernández na data 16/01/2018 18:44:25

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2018 18:44:29

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 23928(10/POC-003979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a cobertura de todos os profesionais sanitarios nas súas ausencias na Comarca das Mariñas, e, nomeadamente, no Servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Betanzos

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23928
Data envío: 23/01/2018 13:48:35.460

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á carencia de persoal sanitario na comarca das Mariñas.

A comarca das Mariñas, composta polos municipios de Abegondo, Aranga, Betanzos, Bergondo, Coirós, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras e Paderne, está a sufrir desde hai anos unha crecente deterioración da sanidade pública. Trátase, sen dúbida, dun problema xeneralizado, de ámbito nacional, que ten a súa explicación nas políticas da Consellaría de Sanidade e nas decisións do Goberno de Madrid; ambas as instancias son responsábeis por este deterioro dos servizos públicos sanitarios, froito dos reiterados recortes orzamentarios na materia.

A decisión política dos gobernos do PP, por tanto, teñen consecuencias moi negativas para o País e concretamente para a comarca das Mariñas. Os recortes en sanidade afectan desde anos atrás ao persoal e ao estado das infraestruturas, e estas dúas, por súa vez, afectan moi negativamente, á calidade da atención ás persoas usuarias do sistema de sanidade pública galega.

A comarca das Mariñas ten sufrido nos últimos anos unha aceleración deste proceso e son norma, a non substitución de profesionais sanitarios, o colapso nos servizos, a eliminación de servizos antes existentes, os incumprimentos de compromisos de arranxos ou a construción de novos centros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23928

Data envío: 23/01/2018 13:48:35.460

Queremos facer fincapé ademais en que os recortes na nosa comarca veñen de lonxe. Na pasada lexislatura, aló polo mes de agosto de 2012, o noso grupo denunciaba no Parlamento xa recortes na área de pediatría do centro de saúde do Carregal, en Betanzos, referencia para a poboación de Coirós, Paderne, Aranga e Irixoa. Nos últimos dous anos, a Consellaría decidiu non cubrir as vacacións de verán da única pediatra do centro betanceiro. Pero non se trata apenas das vacacións estivais: a negativa do SERGAS a cubrir permisos, baixas e licenzas está a obrigar á outra pediatra e aos médicos de familia de Betanzos e comarca a asumiren a atención d@s nen@s que quedaron sen a súa pediatra. En definitiva, esta negativa do Goberno do PP a cubrir as baixas na área de Pediatría repercute na calidade e prestación do servizo.

Non se trata dunha situación puntual do servizo de Pediatría de Betanzos, senón que lamentablemente se ten convertido xa en práctica habitual, tamén, nos servizos de matrona e de Xinecoloxía, e dáse nas restantes consultas de maneira usual, a causa do proceder do SERGAS, que no mellor dos casos cobre apenas a media xornada estas baixas, substitucións, permisos, etcétera.

Pediatría, matrona, xinecoloxía... a todo isto veu engadirse a finais de 2017 a falta de cobertura en Betanzos das vacacións do persoal de urxencias psiquiátricas, que obrigou a pechar o servizo e a derivar pacientes ao CHUAC até o pasado 9 de xaneiro. É evidente o trastorno que este peche ocasionou a doente do concello de Betanzos e a súa comarca, contribuíndo de paso ao colapso do hospital coruñés.

Así é que o deterioro progresivo dos diferentes servizos do centro de saúde de Betanzos obriga a botar man, por desgraza, dos servizos de urxencias á mínima ocasión, con desprazamentos ao hospital Teresa Herrera e o conseguinte colapso das urxencias.

A Consellaría apúrase a culpar os usuarios e usuarios do colapso, cando o verdadeiro responsábel é o Goberno polas decisión que leva tomado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23928

Data envío: 23/01/2018 13:48:35.460

A Consellaría ten que asumir que a falta de coberturas das vacantes de persoal no centro do Betanzos provoca problemas para todas as persoas usuarias da comarca, que teñen que desprazarse nalgúns casos, como o de Aranga, máis de 3 cuartos de hora até o centro do Ventorrillo. Non é xusto, polo demais, que en concellos rurais teñamos peores servizos e por iso a nosa formación demanda desde hai anos ao goberno galego melloras neste servizo e a garantía do servizo fronte a baixas, vacacións, vacantes e outras situacións similares, en van, dito sexa de paso. Nos últimos cinco anos, o BNG presentou de maneira insistente moitas emendas á súa Lei de Orzamentos en demanda de, cando menos, maiores fondo para persoal. Porén, a resposta do goberno galego ten sido a de perseverar no recortes orzamentarios.

Sirva de exemplo a situación en Aranga, onde o centro de saúde de Muniferral, avisaba, mediante un comunicado da Subdirección de Procesos Asistenciais, que durante o mes de agosto do pasado verán iría reducir o seu horario para asistencia sanitaria urxente. Para o resto de horas, o SERGAS remitía ao centro de Betanzos onde, como vimos dicindo, non se cobren as baixas ou se deriva os doentes á Coruña. Iso en agosto; apenas un mes e medio máis tarde, o SERGAS derivaba pacientes do centro de saúde da Castelanada e aquelas persoas necesitadas de atención médica non urxente ao centro de saúde de Présaras, no concello de Vilasantar. Por último, a finais de ano os centros de saúde de Aranga estiveron sen médico na metade do tempo de apertura durante tres días. Para o Partido Popular a prioridade son os recortes e non unha sanidade de calidade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai a Xunta proceder a cubrir as ausencias do persoal na Comarca das Mariñas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23928
Data envío: 23/01/2018 13:48:35.460

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando @s profesionais teñen que asumir o traballo propio e o d@s compañeir@s que non son substituíd@s?

-Que actuacións van realizar para garantir a cobertura permanente no servizo de Pediatría no centro de saúde de Betanzos?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal? Vai facer algo para cambiar esta situación?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2018 13:33:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23928

Data envío: 23/01/2018 13:48:35.460

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2018 13:33:24

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2018 13:33:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2018 13:33:32

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2018 13:33:36

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2018 13:33:39

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.02.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 24944(10/POC-004135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación das listas de espera e a derivación de
pacientes no Sergas

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24944
Data envío: 01/02/2018 18:26:29.288

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación das listas de espera e derivación de doentes no Sergas.

O PP no Goberno da Xunta está a practicar unha política de recortes e demolición da sanidade pública. A través do seu deterioro, a base de ter abandonadas ás infraestruturas, falta de recursos humanos e materiais... e así ter a desculpa para privatizar os servizos e derivar doentes á sanidade privada.

E para iso aprobaron a Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias no ano 2013 e agora o decreto que a desenvolve. Cuns tempos de espera incumpríbeis, para precisamente dar cobertura legal ao auténtico obxectivo da mesma: derivar o máximo volume de recursos públicos para o financiamento da sanidade privada, para facilitarlle o máximo negocio.

A derivación de doentes da sanidade pública de Galiza a centros privados, ven sendo unha constante, mais esta práctica non fai máis que aumentar.

Establecer uns tempos de espera de 60 días para operacións cirúrxicas e 45 para consultas e probas diagnósticas, tempos que son imposíbeis de cumprir na actual situación na que ten o Partido Popular á sanidade pública.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24944
Data envío: 01/02/2018 18:26:29.288

Está claro que as derivación á privada non son para eliminar as lista de espera, xa que estas non diminúen, senón que as listas de espera son a coartada para derivar á privada.

A preocupación está sendo moi elevada entre @s doentes, que ven como son eliminad@s das mesmas se non aceptan ser derivad@s e esixen sen atendidos na rede pública, e entre profesionais que observan cada día como se deixan de realizar intervencións de moitas especialidades na sanidade pública que se derivan sistematicamente á privada.

Todo isto rodeado de escurantismo e opacidade arredor dos datos tanto das listas de espera como das derivacións.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cant@s doentes ten derivado o SERGAS a centros privados nos últimos cinco anos?

-Cal é o desglose d@s mesm@s por centro hospitalario e por especialidade?

-En que situación quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan ser derivados para a realización das mesmas en centros privados?

-Cal é a contía económica para o SERGAS destas derivacións nos últimos 5 anos, desglosada por centro hospitalario ao que se deriva, e por especialidade?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24944
Data envío: 01/02/2018 18:26:29.288

-Cando vai facer públicas o Goberno galego as chamadas listas de espera non estruturais?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 18:18:47

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 18:18:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 18:18:52

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 18:18:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24944
Data envío: 01/02/2018 18:26:29.288

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 18:18:55

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 18:18:56